

PALABRAS BÁSICAS DA BANCA DIXITAL

A banca dixital permíteche usar o teu diñeiro dende o móbil, o ordenador ou unha aplicación do banco.

Deste xeito, podes facer calquera operación co teu banco sen ir á oficina e sen usar diñeiro en efectivo.

Por exemplo, podes enviar diñeiro a outra persoa ou pagar unha compra ou un recibo dende casa, de maneira segura e cando ti queiras.

A continuación, explicámosche as palabras máis importantes da banca dixital:

Banca dixital ou aplicación do banco

É como ter unha oficina do banco dentro do teu móbil ou do teu ordenador.

Podes facer moitas cousas sen ter que ir á oficina:

- Ver canto diñeiro tes.
- Pagar recibos.
- Enviar diñeiro a outras persoas.

Podes usala sen medo: está ben protexida e é segura.

Transferencia de diñeiro

Unha transferencia é cando envías diñeiro da túa conta á conta doutra persoa.

Tamén podes facelo dende o teu móbil ou o teu ordenador, dende o lugar onde esteas.
Non tes que ir á oficina.

Para facer unha transferencia precisas:

- Saber canto diñeiro queres enviar.
- Saber o número de conta da outra persoa.

Pagamento dixital

Hoxe xa non fai falta pagar con billetes ou moedas.
Podes pagar coa túa tarxeta ou co teu móbil.

Podes facelo de 2 maneiras:

1. Nunha tenda:

Achega a túa tarxeta ou o móbil á máquina que cobra.
Esta máquina chámase datáfono ou TPV.

2. Por internet:

Escrebe os números da túa tarxeta,
o nome que aparece nela
e o código de seguridade.

É unha maneira rápida, cómoda e doada de pagar.

Seguridade dixital

A seguridade dixital protexe o teu diñeiro e os teus datos.

O banco usa diferentes sistemas de seguridade:

- Contraseñais.
- Códigos que chegan por SMS.
- A túa impresión dixital ou a túa cara.

Desta maneira, ninguén pode usar o teu diñeiro sen o teu permiso.

Notificacións

As notificacións son as mensaxes que o banco envía ao teu móbil

Serven para informarte, por exemplo:

- Se recibes diñeiro.
- Se fas unha compra.
- Se hai algún tema importante relacionado coa túa conta.

Que vantaxes ten usar a banca dixital?

- É doada de usar.
- Afórrache tempo.
- Non tes que facer fileiras na oficina do banco.
- Podes controlar mellor o teu diñeiro.